


**CONCELLO
DE VIGO**



**VIGO
EN GALEGO**



2021-2022

No Nadal... un conto!
No Nadal... un conto!



PÚBLICO FAMILIAR (bebés ata 3 anos)

Arrolos e cantos no colo



Obradoiro para nais e pais con crianzas de 0 a 3 anos.

Duración: Entre 45' e unha hora.

Achegará cantigas, cantos de berce, xogos de dedos, recitados e outras pezas pensadas para iniciar as crianzas de 0 a 3 anos na linguaxe, no ritmo e na melodía a partir de temas tradicionais galegos.

Acompañaremos as cantigas con músicas ao vivo interpretadas por Samuel Soto e Luís Prego.

Dirixido por Luís Prego, profesor de canto e baile tradicional e autor dos libros "Para cantar e bailar" e "Xogos musicais".

MOI IMPORTANTE:

As persoas asistentes deben levar consigo unha mantiña ou unha "esterilla", para poder sentar comodamente no chan coas crianzas.

Xoves, 23 de decembro ás 11:30 no vestíbulo do Auditorio municipal (praza do Rei, 1)

Martes, 28 de decembro ás 11:30 no vestíbulo do Auditorio municipal (praza do Rei, 1)

Sábado, 8 de xaneiro ás 12:30 no museo Verbum (Avda. de Samil, 17)

Entrada libre ata completar a capacidade dos lugares

MOI IMPORTANTE:

As persoas asistentes deben levar consigo unha mantiña ou unha "esterilla", para poder sentar comodamente no chan coas crianzas.

Paxariños



Contos:

- El gran libro del pollo Pepe.** Denchfield, Nick e Parker, Ant. Madrid: S.M. 2012
- Turelí, tureló.** Elzbieta. Barcelona: Ediciones Ekaré, 2011.
- ¡Sal del cascarón, pollito!** Shen Roddie, Frances Cony. Artime 2006.

Duración: 40 min. (aproximadamente)

Nadia, actriz condutora da actividade, ten un xardín, turelí. No xardín hai un niño, tureló. No niño hai un ovo, turelí. Espera que dese ovo enorme que nos mostra, naza un paxariño. E fai todos os preparativos necesarios para recibilo da mellor maneira posible. Tres contos relacionados co nacemento, farán agradable a espera.

O conto de *Turelí Tureló* desenvólvese en nove capítulos ou escenas. O seu texto lembra as cantarelas dos xogos infantís. É un conto poético moi sinxelo e apropiado para os

primeiros anos. A música que acompaña a narración deste conto é obra do compositor coruñés Tito Barbeito.

O *Polo Pepe* é un libro visual clásico na literatura infantil que xoga co impactante tamaño das imaxes dos personaxes do conto. *¡Sal del casacarón, pollito!*, cóntanos a historia dunha galiña que intenta de moitos xeitos divertidos que o seu pitiño naza.

Luns, 27 de decembro ás 11:30 no vestíbulo do Auditorio municipal (praza do Rei, 1)

Luns, 27 de decembro ás 17:30 no museo Verbum (Avda. de Samil, 17)

Entrada libre ata completar a capacidade dos lugares

Son no berce



Cova das Letras presenta un espectáculo que desperta as emocións das crianzas a través de estímulos sensoriais: imaxe, palabras, tactos diversos, cheiros e música en directo deleitarán os bebés e as persoas adultas que os acompañen. Unha experiencia única.

Duración: 30 minutos


Venres, 31 de decembro no vestíbulo do Auditorio municipal (praza do Rei, 1), dous pases: ás 11:15 e ás 12:30

Martes, 4 de xaneiro no museo Verbum (Avda. de Samil, 17), dous pases: ás 17:00 e ás 18:15

Entrada libre ata completar a capacidade dos lugares

PÚBLICO FAMILIAR E INFANTIL

Antón e O Apalpador



Antón fai unha viaxe alucinante ao corazón do Caurel, onde vivirá unha gran aventura e coñecerá a un personaxe mítico do Nadal galego: o Apalpador

Idades recomendadas:
de 4 a 13 anos

Duración: 50 minutos

Mércores, 22 de decembro ás 18:00 no local da A.V. Casco Vello (rúa de Cánovas del Castillo, 2)

Luns, 27 de decembro ás 17:30 no local da A.V. Praza da Miñoa (rúa do Fotógrafo Luis Ksado, 12)

Entrada libre ata completar a capacidade dos lugares

Os nosos bosques



Diego García (Miudiño)


Para público familiar a partir de 5 anos

Mediante este contacontos amósanos a riqueza da vida que agochan os diversos bosques galegos. A través de dinámicas de xogo, acompañadas de estupendas personaxes coñeceremos as fragas, devesas, carballeiras e soutos... para descubriremos a realidade que cobre boa parte do país.

Xoves, 23 de decembro ás 11:30 no interior do Mercado de Teis (rúa de Toural de Abaixo)

Entrada libre ata completar a capacidade do lugar

O país da choiva



Miguel Anxo Alonso Diz

A nosa palabra nos contos.
A palabra esquecida que regresa e xoga.
O fío que nos une e que nos permite soñar".

Contos e poesía para recordar as palabras que nos unen a todas as persoas.
O galego: fogar común.

Idades da contada: de 6 a 9 anos

Xoves, 23 de decembro ás 11:30 no local da A.V. Praza da Miñoa (rúa do Fotógrafo Luis Ksado, 12)

Mércores, 29 de decembro ás 11:30 na Casa da Xuventude (rúa de López Mora, 31)

Xoves, 30 de decembro ás 17:30 no Centro parroquial de San Xosé Obreiro (rúa de Vázquez Varela, 56)

CONCELLO DE VIGO



VIGO
EN GALEGO

Luns, 3 de xaneiro ás 17:15 na Oficina Municipal de Distrito de Bouzas-Casa Patín (rúa de Eduardo Cabello, 41)

Entrada libre ata completar a capacidade dos lugares

Xornada de xogos de mesa



Brazolinda é un proxecto de deseño e fabricación de xogos de mesa en galego, pensados para que xoguen xuntos grandes e pequenos. Nestas xornadas, as familias poderán xogar a todos eles e aprender e gozar a través das adiviñas, as matemáticas, a expresión oral, agudeza visual, mitoloxía galega ...

A partir de 3 anos. **Público familiar**

Duración: 2 horas

CONCELLO DE VIGO



VIGO EN GALEGO

Xoves, 23 de decembro ás 17:00 no Verbum (Avda. de Samil, 17)

Mércores, 29 de decembro ás 17:00 no vestíbulo do Auditorio municipal do Concello (praça do Rei, 1)

Luns, 3 de xaneiro ás 17:00 no Verbum (Avda. de Samil, 17)

Entrada libre ata completar a capacidade dos lugares

Canta contos "Sons da batea"

CANTA CONTOS

Sons da batea

O grupo OLLO PIOLLO aporta a este álbum ritmos variados; podemos escoitar dende country ata bosanovas pasando por hip-hop ou regaetton. Un conxunto musical en acústico formado por 3 persoas (voz/animador, guitarra e percusión) que fará que o público infantil baile e se divirta de xeito educativo e **100% en galego**. Bailes, música, pompas e moita fantasía. Concerto infantil adaptado para neno/as de entre tres e doce anos.



Duración: 50 minutos



CONCELLO DE VIGO



VIGO
EN GALEGO

Venres, 24 de decembro ás 11:30 no interior do Mercado do Progreso (rúa do Progreso, 28)

Mércores, 29 de decembro ás 11:30 no interior do Mercado do Calvario (rúa de Urzaiz, 183)

Martes, 4 de xaneiro ás 11:30 no interior do Mercado das Travesas (rúa de Espedrigada, 7)

Sábado, 8 de xaneiro ás 11:30 no interior do mercado de Teis (rúa de Toural de Abaixo)

Entrada libre ata completar a capacidade dos lugares

Gran xogo das Letras Galegas

GRAN XOGO DAS LETRAS GALEGAS

XELA ARIAS

A través deste divertido xogo por equipos, os/as participantes coñecerán algo máis sobre a orixe e significación do Día das Letras Galegas, e os autores e autoras homenaxeados ata o momento, ao tempo que descubrirán interesantes datos sobre a vida e obra de Xela Arias homenaxeada deste ano



CONCELLO DE VIGO



VIGO
EN GALEGO

IMPORTANTE: para esta actividade é necesaria inscrición previa

Para familias e nenos/as de entre os 6 e os 12 anos

Duración: 90 minutos

Resumo:

Distribuídos por equipos equilibrados, cada equipo irá tirando por quendas un dado de grandes dimensións no que figuran ata seis accións diferentes:

DEMOSTRA O QUE SABES, PROBA, PICTIONARI, SORPRESA, PROBA POR EQUIPOS, A CREAR.

Por cada proba superada ou pregunta respondida correctamente, o equipo recibirá unha puntuación determinada que irán acumulando, recibindo cada equipo ao final do xogo un PREMIO de acordo coa puntuación total acadada.

Trátase dunha actividade familiar 100% participativa que consegue que as persoas participantes aprendan mentres se divirten a través do xogo. Sorprendentemente envoltos no xogo converteranse en escritores/as, actores/as, ilustradores/as, cantantes... pasándoo en grande durante o proceso.

Durante o xogo, os nenos/as aprenderán moito sobre Xela Arias, homenaxeada deste ano, sobre o seu legado literario, descubrindo momentos importantes na súa vida e curiosidades sobre ela e outros/as homenaxeados/as.

Domingo, 26 de decembro ás 12:00 no Verbum (Avda. de Samil, 17)

Inscrición a partir do luns 20 de decembro. Deben enviar un correo electrónico cos nomes e apelidos das persoas que participarán, as idades das crianzas e teléfono de contacto a actividades.sn1@vigo.org (no asunto poñan Xogo das letras, domingo 26)

Domingo, 2 de xaneiro ás 12:00 no Verbum (Avda. de Samil, 17)

Inscrición a partir do luns 27 de decembro. Deben enviar un correo electrónico cos nomes e apelidos das persoas que participarán, as idades das crianzas e teléfono de contacto a actividades.sn1@vigo.org (no asunto poñan Xogo das letras, domingo 2)

Sábado, 8 de xaneiro ás 11:30 no vestíbulo do Auditorio municipal (praza do Rei, 1)

Inscrición a partir do luns 3 de xaneiro. Deben enviar un correo electrónico cos nomes e apelidos das persoas que participarán, as idades das crianzas e teléfono de contacto a actividades.sn1@vigo.org (no asunto poñan Xogo das letras, sábado 8)

Domingo, 9 de xaneiro ás 12:00 no Verbum (Avda. de Samil, 17)

Inscrición a partir do luns 3 de xaneiro. Deben enviar un correo electrónico cos nomes e apelidos das persoas que participarán, as idades das crianzas e teléfono de contacto a actividades.sn1@vigo.org (no asunto poñan Xogo das letras, domingo 9)

En galego mola! (exclusivamente cativas e cativos)



Xornadas para nenos e nenas de entre 6 e 12 anos, onde compartir unha experiencia feliz da man dos xogos, as cancións, as emocións que acompañan ás palabras; a lectura, os libros, e a toma de conciencia de que o galego é a nosa lingua propia e con ela podémolo pasar fenomenal.

Luns, 27 de decembro ás 11:00 na Oficina Municipal de Distrito de Teis (camiño Maceiras, s/n), na sala de conferencias anexa ao auditorio

Martes, 28 de decembro ás 17:00 no pavillón de Romil (rúa de Romil, 85)

Luns, 3 de xaneiro ás 11:00 no Centro Veciñal e Cultural de Valadares (camiño do Pedregal, 6)

Martes, 4 de xaneiro ás 17:00 no pavillón de Bouzas (rúa de Eduardo Cabello, s/n)

Sábado, 8 de xaneiro ás 17:30 no recinto cuberto por toldo en Navia no parque Nelson Mandela

Domingo, 9 de xaneiro ás 17:30 no recinto cuberto por toldo en Navia no parque Nelson Mandela

Entrada libre ata completar a capacidade dos lugares

Contos de mazapán



nandamisa
creatividade infantil

CONTOS DE MAZAPÁN

No Nadal os contos cheiran a mazapán e a galletas de xenxibre. No Nadal os contos falan de amigos, de paseos pola tarde, de tempo en familia. No Nadal os contos quentan os pés e os dedeiros das mans.

Contada familiar recomendada para
nenas e nenos a partir de 3 anos
DURACIÓN APROX.: 50min

Luns, 27 de decembro ás 17:30 no local da Asociación Veciñal Casco Vello (rúa de Cánovas del Castillo, 2)

Xoves, 30 de decembro ás 11:00 na Oficina Municipal de Distrito de Bouzas-Casa Patín (rúa de Eduardo Cabello, 41)

Entrada libre ata completar a capacidade dos lugares

Xincana científica



XINCANA CIENTÍFICA | NADAL

A actividade consistirá nunha xincana baseada en contidos científico tecnolóxicos que se complementará cunha actividade para o fomento do galego entre a mocidade. Así, cada participante levará a cabo catro actividades, nas que ao finalizar deberá selar unha tarxeta de "investigador-investigadora galego-a", a modo de compostelá; ao completar a súa ruta de aprendizaxe recibirán un pequeno presente.

Para facer a actividade o máis atractiva posible, todas as propostas estarán ligadas ao Nadal, con contidos educativos axustados a idade dos participantes.

A continuación, recollemos as diferentes actividades que se desenvolverán.

Idade: a partir de 7 anos

ADORNOS DE NADAL 3D.

Utilizando bolígrafos de impresión 3D, crearemos artísticos adornos para o árbore ou a nosa casa inspirados en conceptos do Nadal.

Ao finalizar, os participantes poderán levar o resultado das súas creacións.



RETOS CIENTÍFICOS DE NADAL. Cada participante deberá levar a cabo pequenos retos científicos que acreditarán a súa valía como investigador.

As actividades a desenvolver serán:


- Uso do material de laboratorio. Cunha micropipeta pasteur, deberán colocar nunha moeda un mínimo de 25 pingas de auga.
- Creación dun compás.
- Construción dun motor homopolar de Nadal. Desenvolveremos un proxecto no que crearemos un elemento de Nadal elaborado co motor máis sinxelo do mundo. E poderemos levalo como agasallo!



FACEMOS UNHAS GAFAS PARA VER 3D?

A actividade consiste en crear unhas lentes de cartón con lentes azul - vermello, como se facía nos inicios do uso da visión 3D para, posteriormente, preparar imaxes para a súa visión.

Antes da fabricación do noso trebello faremos diferentes actividades científicas baseadas en ilusións ópticas e xogos de percepción para comprender como



CONCELLO DE VIGO



VIGO
EN GALEGO


funciona a visión humana e a nosa percepción.

Unha vez feitas, pasaremos a decoralas con elementos relacionados co Nadal.

CANTO SABEMOS DE GALEGO?

Toda e todos os participantes poderán gozar dunha actividade máis. Un reto sobre a nosa lingua no que deberán demostrar os seus coñecementos coa superación dunha proba adaptada á súa idade.

- Debuxar unha figura segundo a proposta
- Resolver un encrucillado
- Resolver unha sopa de letras



Martes, 28 de decembro ás 17:00 no Verbum (Avda. de Samil, 17)

Xoves, 30 de decembro ás 17:00 no Verbum (Avda. de Samil, 17)

Martes, 4 de xaneiro ás 11:30 no vestíbulo do Auditorio municipal (praza do Rei, 1)

Venres, 7 de xaneiro ás 17:00 no Verbum (Avda. de Samil, 17)

Entrada libre ata completar a capacidade dos lugares

Eira Xandobeira



CONCELLO DE VIGO



VIGO
EN GALEGO

Componse dunha colección de xogos para todas as idades elaborados artesanalmente e inspirados en xogos tradicionais de épocas e lugares diversos que sempre está lista para ir a onde for chamada e haxa ganas de xogar e de pasalo ben. A idea da ludoteca itinerante é crear un espazo de ocio alternativo, onde poder gozar do xogo en familia á vez que desenvolvemos as nosas habilidades e destrezas manuais, cognitivas e a capacidade imaxinativa.

Dispón dun catálogo de xogos de gran formato de precisión, de lanzamento, de habilidade, de enxeño, de cooperación... algúns son os de toda a vida e outros que reinventamos a partir de materiais de refugallo. Xogos simples e artesanais sen necesidade de pilas, plásticos ou luces de neón...

Mércores, 29 de decembro ás 11:00 no Centro Veciñal e Cultural de Valadares (camiño do Pedregal, 6)

Mércores, 29 de decembro ás 17:00 no Verbum (Avda. de Samil, 17)

Luns, 3 de xaneiro ás 11:30 na Oficina Municipal de Distrito de Teis (camiño Maceiras, s/n), na sala de conferencias anexa ao auditorio

Entrada libre ata completar a capacidade dos lugares

Imos cantar o Nadal



CONCELLO DE VIGO



VIGO
EN GALEGO

Esta é unha proposta que persegue difundir o patrimonio cultural inmaterial relacionado coa tradición do Nadal galego entre a xente máis nova dunha maneira creativa, participativa e amena: a literatura oral (os Cantos, os romances...); a música (os ritmos e melodías empregadas; os instrumentos...); e tamén os rituais relacionados con ir cantar os Reis (pedir licenza; pedir o aguinaldo; os agradecementos...).

Imos cantar os Reis: implica aos establecementos comerciais do entorno, bares, centros culturais, tendas...

Duración: 2 - 2,5 horas aproximadamente

Xoves, 30 de decembro ás 11:00 no local da Asociación Veciñal Casco Vello (rúa de Cánovas del Castillo, 2)

Xoves, 30 de decembro ás 17:15 na Oficina Municipal de Distrito de Bouzas-Casa Patín (rúa de Eduardo Cabello, 41)

Luns, 3 de xaneiro ás 11:30 no local de ACECA-Asociación de Comerciantes do Calvario (rúa de San Roque, 109)

Luns, 3 de xaneiro ás 16:30 no local da Asociación Veciñal Novo Vigo (rúa das Teixugueiras, 11, portal 6 - oficina 9 B (Navia)

Entrada libre ata completar a capacidade dos lugares

Animais artistas e outras cousiñas





¿Sabías que en Sudáfrica vive un porco chamado Pigcasso que debuxa cadros sen parar? E que no S.XX, en Alaska, a cadeliña Baltina salvou ós nenos e nenas dun pobo afastado? Coñeces a Jonathan, a tartaruga mais vella do mundo?

Descobre estas historias baseadas en feitos reais que tratan sobre a amizade, a exaltación das artes, a importancia da sanidade e o coidado dos nosos maiores.



Espectáculo de narración oral que inclúe manipulación de obxectos e participación do público (respectando os protocolos sociosanitarios derivados da COVID-19).

Divídese en tres historias, baseadas en feitos reais, protagonizadas por animais: un porquiño pintor, unha cadela doutora e a tartaruga máis vella do mundo.



Trata temas como a igualdade, a amizade, o valor da arte, a importancia da sanidade e o coidado dos nosos maiores.

CONCELLO DE VIGO



VIGO
EN GALEGO

Xoves, 30 de decembro ás 11:30 no interior do Mercado do Calvario (rúa de Urzaiz, 183)

Martes, 4 de xaneiro ás 11:30 no interior do Mercado do Progreso (rúa do Progreso, 28)

Entrada libre ata completar a capacidade dos lugares

Contos na lareira





O meu avó contábame historias ó carón dunha lareira... A día de hoxe aínda non teño a certeza de canto había de real nelas...


Sabías como vivía a xente antes de que existira o internet? Coñeces ás criaturas que habitan nos nosos bosques? Cres na maxia? Descubre historias tradicionais repletas de chiscadelas ó presente!

Espectáculo de narración oral que inclúe manipulación de obxectos e participación do público (respectando os protocolos sociosanitarios derivados da Covid-19).

CONCELLO DE VIGO



VIGO
EN GALEGO



Trataranse temas como o coidado da natureza, a reciclaxe, a exaltación da lingua, a igualdade e a boa comunicación como resolución de conflitos.

CONCELLO DE VIGO



VIGO
EN GALEGO

Venres, 7 de xaneiro ás 17:00 no vestíbulo do Auditorio municipal (praza do Rei, 1)

Entrada libre ata completar a capacidade do lugar

Peripo Atlántico



Polo Correo do Vento.
Para público familiar a partir de 5 anos

Nosa versión e homenaxe a Castelao e o seu "Panchito"...

Venres, 31 de decembro ás 11:30 no interior do Mercado das Travesas (rúa de Espedrigada, 7)

Entrada libre ata completar a capacidade do lugar

O soño dos golfiños



Público familiar
Idade recomendada de 3 a 5 anos
Duración: 45 aprox.

Cun olliño aberto e o outro pechado os golfiños dormen, sempre atentos, dispostos a saltar en calquera momento e chegar ás nubes máis altas cos seus brincos, buscando o seu soño... Neste espectáculo *Os Golfiños* viaxarán por un mar de músicas cun repertorio moi variado, cantando novos temas e lembrando as súas cantigas de sempre. Enriba do escenario, un teclado e a voz de Elena Paz

Luns, 3 de xaneiro ás 18:00 no auditorio da Oficina Municipal de Distrito de Teis

Entrada libre ata completar a capacidade do lugar

A voar

Cé, orquestra pantasma (Muidiño)
Para público familiar a partir de 3 anos



Baseado no libro-disco *A voar*. Cántase e cántase a viaxe da pequena Xoana, xoaniña que movida pola curiosidade e o desexo de voar, emprenderá unha longa viaxe que a súa vida mudará, amosándonos que só a través da cooperación seremos quen de a nosa vida mellorar. Espectáculo divertido e dinámico, dálle ao público a posibilidade de recuperar o protagonismo activo sobre a súa diversión. *A voar* pretende axudar os nenos e nenas a reivindicar a confianza necesaria para satisfacer as súas necesidades de liberdade, movemento..., así pois, nenos e nenas... a voar!!

Venres, 7 de xaneiro ás 18:00 no auditorio da Oficina Municipal de Distrito de Teis (camiño Maceiras, s/n)

Entrada libre ata completar a capacidade do lugar

Cantos e contos de Nadal en familia



CONCELLO DE VIGO



VIGO
EN GALEGO

Obradoiro musical pensado para grupos familiares con nenos e nenas entre 3 e 7 anos de idade (franja de idade aconsellada, acompañados por un máximo de dúas persoas adultas), adaptando repertorio e contido ás idades dos/as participantes.

Duración aproximada de 45 minutos.

Actividade pensada para achegar ás familias o repertorio máis divertido de cantigas do Nadal tradicional galego. Tamén faremos algún conto baseado no tempo do Nadal.

As cantigas estarán acompañadas por música en directo, facendo un obradoiro interactivo no que participaremos todos e todas practicando diversos ritmos e interpretando en conxunto o repertorio escollido.

Dirixido por Luís Prego, profesor de canto e baile tradicional e autor dos libros “Para cantar e bailar” e “Xogos musicais”.

MOI IMPORTANTE:

As persoas asistentes deben levar consigo unha mantiña ou unha “esterilla”, para poder sentar comodamente no chan coas crianzas.

Mércores, 5 de xaneiro ás 11:30 na Casa da Xuventude (López Mora, 31)

Entrada libre ata completar a capacidade do lugar

MOCIDADE E PÚBLICO ADULTO

Regueifas

ORAL de Galicia e alumnado do CIOV (Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo).
Para mocidade e público adulto



CONCELLO DE VIGO



VIGO
EN GALEGO

A Regueifa é un desafío oral improvisado en verso cunha orixe que, debido ao seu carácter basicamente oral, se perde na noite dos tempos. A súa referencia máis próxima a nós di que durante o banquete das vodas campesiñas era tradición que a parella ou a madriña dos/as acabados/as de casar puxese a disposición dos/das que non foran convidados/as á celebración, un bolo de pan chamado “regueifa”. Ademais, a maneira de ver quen era a persoa á que lle cabía o honor de repartir a regueifa, molete ou biscachón entre os/as presentes era retarse dialecticamente entre eles/as, en verso, meténdose uns con outros, cos contraentes ou cos familiares destes, para ver quen facía gala do maior enxeño e mordacidade.

Na actualidade, os/as regueifeiros/as practícanse de maneira esporádica cando son convidados/as por algún concello, algunha asociación cultural ou centro escolar para exhibir a súa habilidade en público. A confrontación realízase normalmente por parellas sen que interveña no enfrontamento dialéctico ningunha outra persoa, aínda que é relativamente habitual que cando hai varios/as regueifeiros/as ao final participen todos/as nunha roda na que cada quen fai unha copla.

Xoves, 23 de decembro ás 12:00 no interior do Mercado das Travesas (rúa de Espedrigada, 7)

Martes, 28 de decembro ás 12:00 no interior do Mercado do Calvario (rúa de Urzaiz, 183)

Mércores, 29 de decembro ás 12:00 no interior do Mercado do Progreso (rúa do Progreso, 28)

Xoves, 30 de decembro ás 11:30 no interior do Mercado de Teis (rúa de Toural de Abaixo)

Esta programación de actividades foi elaborada pola
Concellería de Normalización Lingüística

As oficinas municipais de distrito son un espazo cedido gratuitamente polo Concello de Vigo coa colaboración da Concellería de Participación Cidadá.